Axudas económicas individuais a galegos e galegas residentes no exterior. Exercicio 2019

Información do programa e formularios de solicitude das axudas económicas individuais de carácter social dirixidas a emigrantes galegos e galegas residentes no estranxeiro que posúan a nacionalidade española e a determinados/as familiares, que se atopen en situación de necesidade económica. Estas axudas están destinadas a cubrir as necesidades básicas de subsistencia e atención sociosanitaria.

Resolución da convocatoria:
Resolución do 27 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regulan e se convocan as subvencións do programa de axudas económicas individuais para persoas residentes no exterior para o ano 2019 (DOG nº 14, do 21 de xaneiro).

Entidade:
Secretaría Xeral da Emigración

Data de publicación:
21.01.2019

Estado:
Procedemento pechado

As persoas destinatarias:

1. Emigrantes galegos e galegas, os seus fillos e as súas fillas, maiores de 18 anos, que posúan a condición de galego/a de acordo co que se establece no artigo 3º.2 do Estatuto de autonomía de Galicia. A forma de acreditar a dita condición de galego/a sinálase no artigo 14 desta resolución.
2. Os netos e as netas de emigrantes galegos/as, maiores de 18 anos, que posúan a condición de galegos/as de acordo co que se establece no artigo 3º.2 do Estatuto de autonomía de Galicia e acrediten un ano de residencia continuada en Galicia.
3. No caso de falecemento das persoas indicadas nos puntos 1 e 2, poderán beneficiarse, por unha única vez, das axudas por situación de dependencia ou enfermidade grave, o/a seu/súa cónxuxe viúvo/a, os seus fillos e as súas fillas, a parella de feito ou relación análoga de afectividade, sempre e cando non transcorresen máis de quince meses dende o falecemento.
4. Os fillos, as fillas, os netos e as netas de persoas emigrantes galegas deberán ter a nacionalidade española, cando menos, cun ano de antigüidade á data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

Os supostos de necesidade:

- Situación de precariedade na unidade familiar.
- Situación de dependencia ou enfermidade grave da persoa solicitante.
- Situación de dependencia ou enfermidade moi grave no seo da unidade familiar.
- Invalidez ou enfermidade permanente da persoa solicitante.

- Cobertura de medicamentos e tratamentos de enfermidades crónicas ou graves, cando teñan un custo elevado.
- Axudas para as mulleres que sufran violencia de xénero.
- Situación de desemprego na unidade familiar.
- Situación de necesidade na unidade económica familiar en Venezuela

O lugar de presentación das solicitudes:

- En Arxentina: Delegación da Xunta de Galicia en Bos Aires.
- En Uruguai: Delegación da Xunta de Galicia en Montevideo.
- En Brasil:

-Peña Galega da Casa de España de Río de Janeiro.
-Sociedade Hispano Brasileira de Socorros Mútuos e Instrução en São Paulo.
-Sociedade de Socorros Mútuos e Beneficente Rosalía de Castro en Santos.

- En Cuba: Federación de Sociedades Gallegas en La Habana
- En Venezuela: Hermandad Gallega de Venezuela en Caracas.
- Ou na Secretaría Xeral da Emigración (praza de Mazarelos, 15 - 15703 Santiago de Compostela) ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O lugar de contacto e información:
Secretaría Xeral da Emigración. Servizo de Programas Socioasistenciais
Teléfonos: 981 547 291 - 981 545 880
Correo electrónico: accion.social.emigracion@xunta.gal [1]

FORMULARIOS DE TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES:	picar aquí para acceder á Sede Electrónica [2]

Documentación para descargar:

- Texto completo da convocatoria no D.O.G. (picar aquí para descargar [3])
- Extracto da convocatoria no D.O.G. (picar aquí para descargar [4])
- **NOTA:** Resolución da Secretaría Xeral da Emigración, **pola que se amplía, para as persoas residentes en Venezuela, Arxentina e Uruguai, o prazo de presentación de solicitudes ata o 26 de marzo de 2019** (picar aquí para descargar [5])

Finalización do prazo de presentación de solicitudes:
26.03.2019

Emigrantes [6]

Secretaría Xeral da Emigración [7]

© GaliciaAberta | Secretaría Xeral da Emigración

URL do envío (modificado o 18.12.2019 - 12:26): https://emigracion.xunta.gal/actividade/lina-de-axuda/axud-s-economicas-individuais-galegos-e-galegas-residentes-no-exterior-0

Ligazóns
[1] mailto:accion.social.emigracion@xunta.gal

[2] http://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR925A
[3] http://emigracion.xunta.gal/files/axudas/2019/01/anunciog0244-110119-0001_gl.pdf
[4] http://emigracion.xunta.gal/files/axudas/2019/01/anunciog0244-110119-0003_gl.pdf
[5] http://emigracion.xunta.gal/files/axudas/2019/03/anunciog0244-150319-0001_gl_0.pdf
[6] https://emigracion.xunta.gal/etiqueta/emigrantes
[7] https://emigracion.xunta.gal/etiqueta/secretaria-xeral-emigracion